

INSTRUCCIÓN Nº 2/2021

TRABALLO EN REDE E INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO- AXUDAS DE CUSTO- (SUBMEDIDA 19.4)

MEDIDA LEADER DO PDR DE GALICIA 2014-2020

A normativa básica referida aos gastos correntes ou de funcionamento dos GDR (submedida 19.4A) regúlase nas cláusulas 8ª e 10ª dos Convenios de Colaboración, asinados entre a Agader e os GDRs, que foron aprobados polo Consello da Xunta do 4/08/2016. Por outra parte, as normas de ditos gastos establécense tamén na ficha de elixibilidade VIII (artigos 58 e seguintes) das bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019), así como na Instrución nº 2/2018, asinada polo director xeral da Agader o 23/03/2018, sobre gastos en custes correntes e animación (submedida 19.4).

En aplicación do apartado quinto do Acordo do Consello de Dirección da Agader do 13 de decembro de 2019 polo que se aprobaron as bases reguladoras e coa finalidade de completar a regulación das normas citadas no parágrafo anterior de cara, fundamentalmente, á tramitación das correspondentes solicitudes de pagamento, a persoa titular da Dirección Xeral da Agader emite a presente instrución.

1. O traballo en rede.-

O artigo 58 h) das bases reguladoras sinala que os GDRs poderán imputar, con cargo á submedida 19.4A (gastos correntes ou de funcionamento) gastos vinculados ao traballo en rede.

Tendo en conta que os citados gastos vinculados ao traballo en rede non se definen nas bases reguladoras, cómpre ter en conta o seguinte:

Os GDR poderán xustificar como traballo en rede, a través da submedida 19.4A, gastos derivados de actividades relacionadas ou vinculadas ao desenvolvemento rural do seu territorio que se desenvolvan con outras persoas ou entidades.



A participación será, en todo caso, autorizada polo presidente do GDR, no marco de aplicación da correspondente estratexia de desenvolvemento local participativa (EDLP) e, como tal, ten a consideración de actividade desenvolvida polo Grupo, con independencia de que a proposta poida ser inicialmente presentada por outra entidade, do territorio do Grupo ou de fóra del, interesada en participar nalgún tipo de traballo en rede vinculado ao desenvolvemento rural do territorio do Grupo. Deberá darse conta á xunta directiva do GDR na xuntanza inmediatamente seguinte á data da autorización inicial do presidente do GDR.

1.1. Fórmulas de desenvolvemento.

En función da continuidade que teñan as actividades no tempo, diferéncianse dúas fórmulas para instrumentar o apoio á participación en redes de traballo.

a) Accións continuas.

No caso de accións que teñan continuidade no tempo empregárase á formula de convenio de colaboración entre o GDR e outra entidade. No caso de que o convenio conleve a imputación de gastos, tanto por parte do GDR como por parte doutra entidade participante, con cargo ao programa Leader de Galicia, deberá ser autorizado, con carácter previo á súa sinatura, pola Agader.

b) Accións non continuas.

Este tipo de actuacións, imputables como traballo en rede, supoñen a realización de actividades ou de accións puntuais, sen previsión de continuidade nun período de tempo.

Para este tipo de accións, sen previsión de continuidade, seguirase a formula establecida no apartado seguinte.

1.2 Condicións a aplicar no caso de accións non continuas

Para a imputación dos gastos derivados deste tipo de accións, requirirase dun breve informe inicial, asinado polo presidente do GDR, no que se vinculen as persoas e/ou entidades participantes no traballo en rede de que se trate coa EDLP do GDR. O GDR comunicará, polo menos con 15 días de antelación á Agader, a actividade ou evento e as persoas designadas polo GDR para participar. Este prazo pode reducirse no caso de que o coñecemento da celebración da actividade ou evento fose nun prazo inferior, sempre que se xustifique adecuadamente e quede constancia documental. En todo caso, para a imputación de gastos con cargo ao programa LEADER de Galicia, como traballo en rede, a acción deberá ser autorizada previamente pola Agader.

O GDR imputará ao programa Leader os gastos nos que incorra e que se deriven da participación no traballo en rede, así mesmo, poderá imputar os gastos nos que incorran outras persoas ou entidades, unha vez que estas presenten a documentación xustificativa.

Condicións xerais e conceptos indemnizables:



As persoas designadas para participar nunha actividade ou evento de traballo en rede teñen dereito a seren indemnizadas, con cargo aos gastos de funcionamento do GDR, polos gastos derivados do seu desprazamento e participación, nas circunstancias, condicións e límites contidos no artigo 58.2 a) das bases reguladoras.

Con carácter xeral, indemnizarase a participación de, como máximo, dúas persoas por entidade participante e por actividade ou evento da rede de traballo de que se trate. As excepcións a esta norma requirirán informe xustificativo do GDR, así como autorización previa por parte da Agader.

No caso das indemnizacións por razón de servizo para os membros da Xunta Directiva poderase incluír nunha única factura os gastos referidos a manutención, os gastos de desprazamentos e os referidos a aloxamento; no suposto e que calquera destes gastos se efectúe de forma conxunta (por exemplo, comida de traballo da Xunta Directiva, ou viaxe de traballo).

A xustificación dos gastos xerados deberá practicarse nunha folla de liquidación de gastos, xunto coas facturas ou recibos orixinais que xustifiquen a percepción da correspondente indemnización, nas condicións sinaladas na instrución 2/2018, asinada polo director xeral da Agader o 23/03/2018.

Son conceptos indemnizables:

1. Realización de viaxes:

O medio de transporte será determinado pola presidencia do GDR, en función das posibilidades existentes, da racionalidade, do tempo de desprazamento e do uso máis eficiente dos fondos públicos. Como norma xeral, utilizaranse o transporte público, as liñas regulares e a clase turista. Noutros casos deberá xustificarse cun informe razoado da xerencia do GDR e asinado polo presidente do mesmo.

2. Hospedaxe:

Son indemnizables os gastos de aloxamento, coa presentación da correspondente factura. As contías limitaranse ás establecidas no punto 2 a) do artigo 58 das bases reguladoras.

Só serán elixibles os gastos incorridos nos días de hospedaxe que se correspondan cos de celebración do evento, así como nos días estritamente necesarios para o desprazamento.

3. Manutención:

Serán indemnizables os gastos de manutención efectivamente realizados durante e como consecuencia do desprazamento. En tódolos casos terán que presentarse xustificantes dos gastos efectivamente realizados na manutención ordinaria das persoas desprazadas.

Non se aboarán asignacións de axuda de custo a tanto alzado ou "gastos por día".

Igualmente establécese como límite máximo de contía por día a contía prevista no punto 2 a) do artigo 58 das bases reguladoras.



Toda anotación contable por razón de desprazamento, hospedaxe e manutención na folla de liquidación de gastos, excepto a correspondente aos consumos derivados do uso do vehículo particular (que se calculan a razón de 0,19 €/km), deberá ter a súa correspondencia nunha factura, recibo ou documento probatorio de valor equivalente.

4. Cotas de participación/gastos de inscricións:

A elixibilidade das cotas de participación como socio noutras entidades, así como dos gastos necesarios para inscricións de xornadas, seminarios ou eventos virá determinada polo tipo de actividade que se desenvolva ou pola posibilidade de acceso ás deliberacións, á información ou á documentación á que dean dereito o pagamento deses gastos.

A imputación ao programa Leader de Galicia 2014-20 das cotas ás que se fai referencia neste apartado requirirá comunicación previa á Agader, xuntando unha pequena memoria explicativa que xustifique a necesidade ou conveniencia da imputación deste gasto.

5. Gastos motivados pola adhesión dos GDRs ás redes ou a asociacións de grupos de desenvolvemento rural representativas de ámbito rexional ou suprarrexional.

A elixibilidade destas cotas virá determinada pola posibilidade efectiva de acceso ás deliberacións, á información ou documentación á que dean dereito o pagamento destes gastos.

En relacións aos gastos, tanto os xa imputados, coma os que poidan ser imputados polos GDRs ao longo de todo o programa LEADER de Galicia 2014-20 como cotas de participación referidas á adhesión á Asociación de GDRs de Galicia, cómpre sinalar que a citada Asociación de GDRs de Galicia (da que os GDRs que imputan ou imputaron as mencionadas cotas de adhesión forman parte) deberá xustificar ante a Agader, con carácter previo á finalización do período de programación Leader 2014-20, a aplicación dada aos fondos percibidos; segundo sinala o informe de definitivo de auditoría interna emitido polo FOGGA (INFORME DEFINITIVO FG/REC/20/ID 17/12/2020). A xustificación da aplicación dos fondos percibidos pola Asociación de GDRs de Galicia mediante as cotas imputadas polos GDRs ao programa Leader de Galicia 2014-2020 deberá ter correspondencia clara con actividades ou gastos directamente relacionados co desenvolvemento rural e/ou cos fins e obxecto social de dita asociación.

6. Gastos derivados da organización e/ou realización das actividades obxecto do traballo en rede:

Inclúense os gastos necesarios para o desenvolvemento das actividades ou accións conxuntas de que se trate, como os gastos en alugueres de inmobles ou en servizos profesionais relacionados coa temática do proxecto obxecto do traballo en rede.

1.3 Condicións a aplicar no caso de gastos preparatorios dun posible proxecto de cooperación

Poderán imputarse a “Outros: gastos vinculados ao traballo en rede” da submedida 19.4A (custes correntes) aqueles gastos preparatorios dun proxecto de cooperación no que un GDR poida chegar a participar, incluídos os gastos de axudas de custe que se orixinen con motivo de reunións preparatorias de proxectos de cooperación; non obstante, para a súa elixibilidade



cómpre que se remita a Agader, cunha antelación mínima de 20 días á data prevista para a súa realización, unha memoria explicativa completa que indique, cando menos: GDRS e/ou entidades participantes, obxecto do posible proxecto de cooperación e resumo descritivo do proxecto. En todo caso a elixibilidade cubrirá as axudas de custe correspondentes ao equipo xestor e no seu caso membros da xunta directiva do GDR de Galicia e non de GDRS ou de entidades de fóra da Comunidade Autónoma, os cales deberán imputar eses gastos con cargo á cooperación ou traballo en rede prevista nos seus programas. De cara á xustificación destes gastos, deberán achegarse as actas das xuntanzas que tiveran lugar, asinadas por todos os interesados, memoria de actividades, conclusións e, no seu caso, reportaxe fotográfica acreditativa do/s encontros levados a cabo.

Para a imputación de gastos con cargo ao programa LEADER de Galicia, como traballo en rede, a acción deberá ser autorizada previamente pola Agader.

1.4 Condicións aplicables para a imputación dos gastos comúns a varios GDRs

A participación de varios GDRs nun proxecto de traballo en rede ou relacionado coa imputación de gastos preparatorios dun posible proxecto de cooperación conlevará que como norma xeral, cada GDR asuma os seus propios gastos relacionados co desprazamento, manutención e aloxamento. Os gastos derivados do proxecto que, pola súa propia natureza, sexan comúns, poderán ser facturados ao GDR organizador (ou correspondente ao territorio onde se desenvolva a actividade), e serán xustificados ante a Agader por este, podendo, no seu caso, ser repartidos (a nivel interno) entre todos os GDRs participantes, na medida que determine o convenio ou o acordo de participación asinado entre os GDRs participantes.

2. Indemnizacións por razón de servizo.

Están reguladas no apartado 2 a) do artigo 58 das bases reguladoras Leader. En concreto este apartado sinala:

“Para as axudas de custo en territorio nacional aplicarase o **réxime e as contías** previstas na Administración autonómica galega para o grupo 2º, tanto se a actividade ten lugar no territorio de Galicia como fóra. Para as axudas de custo que poidan ter lugar fóra do territorio nacional será de aplicación o **réxime e as contías** previstas para o grupo 2º no anexo III do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo ou, se é o caso, na normativa que o substitúa”.

Ámbito de aplicación:

Tanto os membros das Xuntas Directivas dos GDRS, como o persoal do GDR, teñen dereito a seren indemnizados por razón do servizo nas circunstancias, condicións e límites contidos nesta Instrución.



Está incluído no ámbito de aplicación desta Instrución todo o persoal contratado polo GDR, independentemente do tipo de contrato laboral.

A xustificación dos solicitantes das indemnizacións establecidas nesta Instrución deberase practicar nunha folla de liquidación de gastos, aportando as facturas ou recibos orixinais que xustifiquen a percepción da correspondente indemnización, nas condicións sinaladas na instrución 2/2018, asinada polo director xeral da Agader o 23/03/2018.

As contías serán as establecidas na Resolución do 29 de decembro de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2005, sobre a revisión da contía da indemnización por uso de vehículo particular e a das axudas de custo en territorio nacional, establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia; ou no seu caso pola normativa que a substitúa.

Conceptos indemnizables:

1. Indemnización por uso de vehículo particular no desempeño das funcións dentro do GDR:

Os gastos que se imputen deberán figurar nunha folla de liquidación, autorizada polo presidente do GDR ou órgano competente do GDR, segundo o establecido nos seus Estatutos.

Deberá xuntarse, no caso de que a houbera, copia da documentación que xustifique cada desprazamento (copia da acta de non inicio – ANI-, copia da acta de control de investimentos, acta da xuntanza da xunta directiva, acta doutro tipo de xuntanzas, programa do curso ao que se asiste, etc..).

2. Realización de viaxes noutros medios de transporte:

Como norma xeral, utilizaranse o transporte público, as liñas regulares e a clase turista, Noutros casos deberá xustificarse cun informe razoado, asinado polo presidente do GDR.

3. Serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, os gastos de taxi ata ou dende as estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos, sempre que se presenten como xustificantes os billetes e/ou facturas correspondentes.

4. Poderán xustificarse igualmente os gastos polo uso de garaxes no hotel de residencia durante os desprazamentos, ou de aparcamento públicos e a ORA no desempeño dos labores propios do GDR, así como os gastos de peaxe de autopistas, sempre que ditos gastos teñan a correspondente xustificación documental.

5. Con carácter excepcional, e previa xustificación por parte do GDR e autorización da Agader, poderán ser indemnizables os gastos derivados do aluguer de vehículos de transporte.

3. Axudas de custo:

En tódolos casos terán que presentarse xustificantes dos custos efectivamente realizados en aloxamento e manutención.



As contías limitaranse ás previstas na Administración Pública galega para o grupo II, tanto se a actividade ten lugar no territorio de Galicia como se ten lugar no resto do territorio español.

Para as actividades que teñan lugar fóra de España, aplicarase o réxime e contías previstas para o grupo II no anexo III do Real decreto 462/2002, do 24 de maio.

O réxime e condicións de elixibilidade dos gastos regulados desta instrución interpretaranse en consonancia co Decreto 144/2001, do 7 xuño, de Indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (DOG nº 122, de 25 de xuño de 2001) ou normativa que a substitúa.

Como norma xeral, a axuda de custe correspondente á manutención por unha xornada completa non poderá ser compensable e polo tanto estará limitada a media axuda de custe para xantar e a media axuda de custe para a cea, non obstante, en casos excepcionais, por cuestións derivadas da natureza do programa do evento, da duración do mesmo, pola duración ou distancia do desprazamento ou por causas similares, poderá ser autorizada pola Agader a acumulación da totalidade da axuda de custe correspondente a unha xornada ao completo, ben no xantar ou ben na cea.

Publicidade e entrada en vigor desta instrución.-

Esta instrución será publicada na web da Agader e notificada electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://notifica.xunta.gal>) a todos os GDR seleccionados para a aplicación dunha Estratexia de Desenvolvemento Local participativo ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

Todas as normas contidas nesta instrución serán aplicables a partir do día seguinte ao da recepción da mesma polos GDR destinatarios.

Santiago de Compostela,

A directora xeral da Agader

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Ribeira

